



5ª ANDAINA CONCELLO DE MUXÍA. PONTECONSTANTE-CALDEIRAS DO CASTRO


DATOS DA ANDAINA

- DATA: 13 DE MAIO DE 2017
- LUGAR DE SAÍDA: PONTE CONSTANTE
- HORA DE PRESENTACIÓN NO LUGAR DE SAÍDA: 9:45 HORAS
- HORA DE SAÍDA: 10:00 HORAS
- RUTA LINEAL DE 10 KM. E DIFICULTADE BAIXA.
- O TEMPO PREVISTO PARA COMPLETAR O PERCORRIDO É AO REDOR DE 3 HORAS.
- HORA PREVISTA DE CHEGADA ÁS CALDEIRAS DO CASTRO: 13:00 HORAS.
- RECOMÉNDASE CALZADO E ROUPA ADECUADA, ASÍ COMO BEBIDA E COMIDA PARA A PARADA DE AVITUALLAMENTO.

BUSES

- OS BUSES CHEGARÁN Á PONTE CONSTANTE ÁS 9:45 HORAS PARA DEIXAR AOS SENDEIRISTAS E TERÁN QUE RECOLLELOS AO REDOR DAS 13:00 HORAS NA ÁREA DE ESPARCEMENTO DAS CALDEIRAS DO CASTRO.
- **PARA OS INSCRITOS NO CONCELLO DE MUXÍA, O BUS SAIRÁ DA PARADA DOS AUTOBUSES DO PEIRAO, EN FRENTE DO RESTAURANTE D`ALVARO, ÁS 9:15 HORAS.**

TRACK DA RUTA



DESCRIPCIÓN DA RUTA

SAÍMOS DO MERENDEIRO DE PONTE CONSTANTE DIRECCIÓN AO LUGAR DE MINTIRÁNS. SEMPRE PRETO DO LEITO DO RÍO CASTRO. CONTINUAREMOS A ANDAINA PASANDO AO CARÓN DOS LUGARES DE CABERTA, MONTESIÑOS E SORNA, PARA FACER A PARADA DE AVITUALLAMENTO NO FERMOSE LUGAR DE COUCIEIRO, ONDE SE ERGUEN DISTINTAS EDIFICACIÓNS INTERESANTES, DESTACANDO A IGREXA PARROQUIAL DE SAN PEDRO DE COUCIEIRO, CONSTRUCCIÓN BARROCA DA PRIMEIRA METADE DO SÉCULO XVIII.

RETOMAREMOS O CAMIÑO DIRECCIÓN VÍLAR DE OUTEIRO, QUE COMO O SEU NOME INDICA, SITUÁSE SOBRE UNHA PEQUENA LOMBA DE TERREO, PARA BAIXAR LOGO DIRECCIÓN AO CASTRO. DURANTE ESTE TREITO ACOMPAÑARANOS UN BOSQUE DE RIBEIRA FORMADO POR ABENEIROS, SALGUEIROS, CARBALLOS E OUTRAS ESPECIES PROPIAS QUE MEDRAN Á BEIRA DOS CURSOS DE AUGA.

DURANTE TODO O PERCORRIDO GOZAREMOS DE FERMOAS E DISTINTAS PAISAXES DE MONTE, AGRO, RÍOS, ASÍ COMO PEQUENOS NÚCLEOS DE POBOACIÓ.

¡PÉRDETE CON NÓS!